



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Aprendendo con Luguís

*Unha pequena guía didáctica sobre a obra de Urbano Luguís
no Museo de Belas Artes da Coruña*



Aprendendo con Lugo é unha pequena guía didáctica sobre o artista Urbano Lugo e as súas obras na colección do Museo de Belas Artes da Coruña. Co presente documento queremos dar unhas pinceladas sobre este creador único, facendo unha pequena achega a súa figura, o seu estilo e a algúns dos seus temas máis representativos. Acompañando ao texto se propoñen tres actividades pensadas para o alumnado de Educación Primaria. Animámosvos a realizar estas actividades e compartir connosco os vosos traballos a través do correo electrónico: mu.belas.artes.difusion@xunta.gal

Aprendendo con Lugo está escrito e deseñado polas educadoras Laura Domínguez Estevez e Lucía Hidalgo Portomeñe para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña.

URBANO LUGRÍS NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

O artista: Urbano Lugrís

Urbano Lugrís González naceu na Coruña en 1908 nunha familia con forte implicación cultural e política, cousa que afectou á súa arte. Aínda que é un artista eminentemente coruñés viviu tamén en Madrid e en Vigo. Nos seus anos na capital relacionouse con moitos artistas, movéndose nun ambiente **bohemio** que vai caracterizar a súa personalidade. Alí puido visitar numerosas veces o Museo do Prado e coñecer algunhas das obras mestras que lle servirían de inspiración ao longo da súa produción artística. Algo moi interesante de Lugrís é que non recibiu unha ensinaza artística específica, senon que aprendeu a pintar de xeito **autodidacta**.



Coñéceselle especialmente como pintor, mais tamén foi muralista, escenógrafo, editor e escritor. Algúns dos seus textos publicados en revistas foron firmados co **pseudónimo** “Ulises Fingal”, unha especie de *álter ego* do autor. Foi un personaxe enormemente **carismático** e imaxinativo que levaría a súa arte e a súa visión do mundo a todos os planos da vida. Na súa obra escrita e pictórica atopamos numerosos referentes relacionados coa mitoloxía, o mundo mariño e a literatura. Especialmente significativo para el foi a escrita de **Julio Verne**.

A súa obra plástica lévanos ás profundidades da imaxinación do autor, tranportándonos ó seu universo interior. Creador de mares fantásticos, de illas mergulladas no fondo do mar, de sereas azuis, de ceos misteriosos, de buguinas xigantes e mastros de barcos afundidos. O pintor coruñés soña un océano máxico e pintao con tanto detalle que parece que ese soño é real como se o mar abrise as súas portas para nós. Lugrís pinta cunha pincelada moi miúda que lle permite gran detallismo. As cores que utiliza son normalmente frías; destacando negros, verdes azuis e violetas en numerosas tonalidades. As súas formas tenden á xeometrización.

A obra de Lugrís no Museo de Belas Artes de Coruña

O Museo de Belas Artes da Coruña conta con varias pezas de Urbano Lugrís. Actualmente atópanse en exposición catro táboas de pequeno formato: *Paisaxe* (1947), *Mariña* (1947), *Mariña Surrealista* (1969) e unha obra sen título (1965). Tamén está exposto un enorme mural titulado *Vista da Coruña* (1959)

Paisaxe e Mariña (1947)




Estas dúas pequenas táboas están realizadas no mesmo ano. Por este motivo e polo seu tamaño case idéntico podemos pensar que Lugrís realizounas case ao mesmo tempo. Ambas representan unha paisaxe mariña onde hai poucos elementos e ningún personaxe nin movemento. Son escenas cheas de quietude que aparecen como ancoradas no tempo.

O feito de empregar unha táboa como soporte permítelle a Lugrís explotar a súa gran capacidade para o debuxo, acadando un enorme nivel de detalle. Ao mesmo tempo, na táboa as cores acadan un brillo especial e unha textura moi plana.

En *Mariña* o autor representa unha praia de area finísima e sobre ela unha hamaca parece invitarnos a botar un pequeno sono. O mar está totalmente en calma e no horizonte vemos unha montaña rochosa. No primeiro plano vemos unhas dunas baixas entre as que hai pequenas pozas. Toda a escena aparece enmarcada entre árbores escuras e sen vexetación ó que lle outorga a escena unha sensación fría e invernal.

En *Paisaxe* toda a composición do cadro parece encamiñarnos cara o mar que se observa ó fondo. No primeiro plano vemos unhas terras traballadas nun pequeno val rodeado por baixas colinas e rochas. A quietude e horizontalidade da táboa vese alternada coa verticalidade das árbores con finos troncos que se reparten ao longo da paisaxe.

Mariña surrealista (1969)



Mariña surrealista reflicte en boa medida o universo pictórico de Lugo, representando un mundo mariño e submarino a través de elementos iconográficos cargados de simbolismo, onde está moi presente a influencia do surrealismo. Un mundo de fantasía do que abrollan multitude de elementos xurdidos directamente da extraordinaria imaxinación do autor, que nos remiten a un mundo máxico. Baixo un ceo irreal e evocador, que vai do branco puro ao negro máis intenso, pasando por unha ampla gama de laranxas, rosas e violetas, desenvólvese unha escena surrealista na que podemos ver unha illa misteriosa de estrañas formas que emerxe do fondo do mar, entre a area e as pucharas. Ademais, destacan outros obxectos igualmente desconcertantes, como unha buguina, un ovo xigante, un mastro de buque... Na composición destaca a presenza dunha fermosa serea azul que aboia enriba dunha nube, atopando así acomodo fóra do seu espazo natural. Estes seres da mitoloxía son famosos polos seus cantos, contan as lendas que atraían aos mariñeiros facendo que naufragasen.

ACTIVIDADE 1: CREANDO HISTORIAS CON LUGRÍS

No museo de Belas Artes as pequenas táboas de LUGRÍS aparecen expostas xuntas dunha forma que convida a observalas como un todo, case como se se tratase das viñetas dun cómic.

Partindo de *Paisaxe*, *Mariña* e *Mariña Surrealista*, realizade, individualmente ou en pequenos grupos, un relato que lle dea cohesión a estas tres escenas. A narración é totalmente libre e podeades “ordenar” as imaxes como queirades.

S/T (1965)



Nesta pequena táboa observamos unha paisaxe nocturna. Ó lado dereito da obra aparece enmarcado por unha serie de finas e longas árbores que se presentan parcialmente recortadas. Aos pés dunha das árbores observamos o que semella unha estrela caída do ceo.

Á esquerda observamos un cantil sobre o que se asentan as ruínas dunha igrexa románica; a vexetación brota entre as súas pedras. Sobre o mar, un veleiro antigo de aspecto máxico e fantasmagórico é o único que aparece en movemento, desprazándose xusto sobre a liña do horizonte que separa o mar do plano celeste. No ceo, entre nuboso e despexado, vemos as brillantes estrelas. O autor marcou entre elas unhas imaxinarias liñas de constelacións.

As cores empregadas por Lugrís son as súas habituais tonalidades azuis e verdes, aquí especialmente escuras por tratarse dunha escena nocturna. Esta táboa forma parte dese profuso ciclo que Lugrís ten adicado á noite. A composición realízase a través de profundos contrastes de luz e escuridade que dotan á escena dunha enorme irrealidade.

ACTIVIDADE 2: IMAXINANDO A NOITE

A obra de Urbano Lugrís adoita ser moi teatral e imaxinativa o que lle outorga ás súas obras un aspecto máxico e irreal, como de tempo suspendido. Isto vese especialmente reflicto nas súas obras de ambientes nocturnos. O que acontece pola noite mentres durmimos pode chegar a ser un misterio, especialmente cando somos moi cativos. Que pasa mentres estamos a soñar? Que credes que acontece no silencio da noite? Todos os seres vivos durmen cando se pon o sol? Cruzan os avións os nosos ceos mentres durmimos? Descansan as árbores?

Deixade voar a vosa imaxinación como facía Urbano Lugrís e representade aquilo que podería acontecer mentres estades durmidos e durmidas.

Vista da Coruña (1959)



Ademais de pintar cadros, Luguís decoraba fogares, bares e restaurantes con enormes e fermosos murais. *Vista da Coruña* é un gran mural que foi extraído do seu lugar orixinal e hoxe luce pendurado nunha parede do museo como si se tratase dun cadro máis. Nesta obra Luguís representou unha paisaxe urbana da cidade da Coruña. Sen embargo non se trata dunha vista realista senón que representou o aspecto da cidade como se imaxinaba que sería en 1830 (moitos anos antes de ter nacido). Recoñecemos que se trata de Coruña pola representación de dous fitos arquitectónicos moi recoñecibles: a Torre de Hércules, emblema da cidade, e o Castelo de San Antón. O lado esquerdo vemos á vila coas súas casas de cores representadas con formas xeométricas. O mar ten unha presenza importante e sobre el vemos barcos de distintos tipos: unha pequena dorna cun pescador, un barco de vapor e un veleiro de tres mástis. No primeiro plano atopamos dous personaxes vestidos con roupa antiga; unha muller cúbrese do sol cun parasol mentres un home parece comentarlle algo cun catalexo na man. O cadro ten enorme colorido pero, como é habitual nos cadros de Luguís, hai un predominio do azul que atopamos ata en seis tonalidades distintas. A paisaxe está inspirada na realidade mais deixando certos aspectos á liberdade creativa e imaxinativa do autor. O resultado é unha paisaxe de aspecto irreal e onírico.

ACTIVIDADE 3: RENOMEANDO A CIDADE

Urbano Lugrís representou en numerosas ocasións a súa cidade natal, o fixo tanto na súa pintura como na súa escrita. Lugrís púxolle un alcume á Coruña, de forma que moitas veces se refería a ela como “Percalinópole”.

Traballando en pequenos grupos ou de xeito individual, crearedes unha nova identidade para a vosa vila ou cidade.

1. Un nome novo. Igual que Lugrís rebautizou á Coruña como Percalinópole, vós deberedes atopar un alcume para a vosa cidade.
2. Un lema. En ocasións ás vilas e cidades teñen un lema ou frase característica que trata de explicar de xeito breve a identidade do lugar. Pontevedra é unha “boa vila” que *“dá de beber a quen pasa”*; Vigo é a “cidade olívica” e Ourense “a cidade das Burgas”. Existen tamén numerosos ditos e frases que tratan de identificar a cidade da Coruña como un lugar alegre e festivo: *“Vivir na Coruña que bonito é, andar de parranda e durmir de pé”*; ou tamén: *“Mentres Vigo traballa, Santiago reza e A Coruña divírtese”*. Pensade nunha frase que poida resumir brevemente algunha característica que faga a vosa vila ou cidade única.
3. Escudo e Bandeira. Case todos os lugares teñen un escudo propio e unha bandeira, estes símbolos serven para diferenciarse e adoitan ter detrás algún tipo de información histórica ou xeográfica do lugar. Diseñade un novo escudo e/ou bandeira que puidera servir para identificar o lugar no que vivides.

Glosario

- **Álter ego:** En latín quere dicir “outro eu”. O álter ego é unha persoa real ou ficticia na que nos recoñecemos.
- **Autodidacta:** Que se instruíu ou educou a si mesmo sen axuda de ningún mestre.
- **Bohemio/a:** Unha persoa bohemia é alguén que se aparta das convencións sociais e que adoita facer cousas diferentes as establecidas resultando en ocasións extravagante ou especial. Tradicionalmente se ten considerado a moitos e moitas artistas como persoas bohemias.
- **Carismático:** Unha persoa con carisma é alguén que ten moita facilidade de palabra e que cos seus feitos e as súas verbas consegue unha influencia especial sobre as outras persoas.
- **Julio Verne:** Foi un escritor, poeta e dramaturgo francés, especialmente célebre polas súas novelas de aventuras, case sempre vencelladas ao mundo mariño. Algunhas das súas obras máis coñecidas son: “*Viaxe ao centro da Terra*” (1864), “*20.000 leguas de viaxe submarina*” (1870) ou “*A volta ao mundo en 80 días*” (1872).
- **Onírico:** Que é propio dos sonhos ou semella pertencer a un sonho.
- **Pseudónimo:** Nome ficticio co que un autor asina a súa obra para esconder a súa identidade ou xogar con ela.
- **Surrealismo:** Movemento literario, artístico e filosófico xurdido no primeiro cuarto do século XX. Esta tendencia artística tenta sobrepasar o mundo do real, deixándose levar polo irracional e o onírico. As obras surrealistas conteñen elementos e yuxtaposicións inesperadas. Algunhas das súas cualidades ou aspectos esenciais son: o azar, o mundo dos sonhos, o subconsciente, a subxectividade e o xogo.